# Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de marzo de 2015

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e sete de marzo de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa e don Eliseo Fernández Gómez, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco, don Álvaro Vila Araújo e dona M.ª del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende, asistido do vicesecretario don Juan Marquina Fuentes.

O deputado do Grupo Popular, don Argimiro Marnotes Fernández, entrou no salón de sesións cando se trataba o punto cuarto da orde do día.

Non asiste o deputado do Grupo Popular, don Julio Pérez Carballo.

Os deputados do BNG, don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, ausentáronse do salón de sesións ao final da votación do punto 13º.B).

No desenvolvemento da sesión estiveron ausentes nas votacións dos seguintes puntos os deputados que se relacionan:

**Puntos 1º, 2º e 3º.-** D. Argimiro Marnotes Fernández (Grupo Popular).

**Punto 5º**.- D. Miguel Bautista Carballo (Grupo Socialista).

**Punto 10º e 13ºA**.- D. Luciano Rivero Cuquejo (Grupo Popular).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo - acta, no seguinte enlace:

http://videoacta.depourense.es

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2015.-**

O señor presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de febreiro de 2015.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

**2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA O EXERCICIO 2015.-**

O señor secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto segundo

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (13) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Inadmitir a trámite a alegación n.º 31, ao ter sido formulada fóra de prazo.

2º) Desestimar as reclamacións n.º 1, 3, 7, 9, 10, 14, 15, 16, 19, 20, 22, 23, 24, 25, 26, 28 e 29, polos motivos consignados na proposta da Presidencia.

3ª) Estimar as reclamacións n.º 12 e 13.

4ª) Estimar parcialmente as alegacións seguintes, no sentido que se indica expresamente a continuación, desestimándoas en todo o demais polos motivos consignados na proposta da Presidencia:

a) Alegación n.º 2 (recoñecendo o grao 4 de penosidade e perigosidade, grao 1 de autonomía e iniciativa e grao 1 de dificultade técnica aos postos de operario dos Centros de Recollida de Animais Abandonados).

b) Alegación n.º 4 (recoñecendo o grao 1 de autonomía e iniciativa aos operarios de báscula móbil e aforadores e o nivel 14 de complemento de destino como posto singularizado de especial relevancia funcional).

c) Alegacións n.º 5 e 6 (reclasificando como singularizados, coa denominación de auxiliar de xestión tributaria, os postos de auxiliar de oficina actualmente ocupados por dona Paula Rodríguez Yáñez e dona María José Pérez Vidal, co nivel 17 de complemento de destino e os graos 2 de dificultade técnica e 2 de responsabilidade).

d) Alegación n.º 8 (recoñecendo o grao 3 de dedicación ao Xefe do Negociado de Servizos Intermunicipais).

e) Alegación n.º 11 (recoñecendo o grao 3 de responsabilidade ao Xefe do Negociado de Recadación).

f) Alegación n.º 17 (recoñecendo ao vixilante de seguridade e saúde do Negociado de Coordinación de Seguridade e Saúde o grao 1 de dedicación e o grao 2 de responsabilidade).

g) Alegación n.º 18 (recoñecendo ao laborante do Negociado de Control Analítico da Sección de Augas o grao 2 de responsabilidade).

h) Alegación n.º 21 (recoñecendo ao axudante de escenario e sala e maquinista – axudante de sala do Teatro Principal o grao 3 de dedicación e o grao 3 de penosidade e perigosidade).

i) Alegación n.º 27 (recoñecendo o grao 2 de autonomía e iniciativa a todos os postos de traballo dos equipos de emerxencia do Servizo de Vías e Obras e o grao 2 de dificultade técnica ao xefe do equipo de mecánica, electricista e soldador do Taller de Maquinaria).

k) Alegación n.º 30 (recoñecendo o grao 3 de dificultade técnica e o grao 3 de autonomía e iniciativa ao posto de xefe de Negociado de Saúde Laboral).

5º) Aprobar definitivamente, coa incorporación das alegacións estimadas, a Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2015, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**3º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DAS ENTIDADES LOCAIS PARA O EXERCICIO 2015.**

O señor secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto terceiro

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia e servizos complementarios das entidades locais para o exercicio 2015, co seguinte contido**:**

**I.- Bases xerais**

**A) Obxecto da subvención**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa **"BenOurense Infancia"** en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos "Puntos de atención á primeira infancia (PAI)", e/ou dos "Servizos complementarios".

O presente programa contempla dúas acción:

1º) Acción I: punto de atención á infancia (PAI).

Para os efectos das presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

2º) Acción II: servizos complementarios municipais

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como **servizo complementario** aqueles servizos de titularidade municipal que, por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos, actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

**B) Beneficiarios**

Poderán obter subvención os seguintes:

1. Acción I.- Os PAIs daqueles concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense non xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

2. Acción II.- As corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que conten cun centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionada de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menos. Que funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e un sistema regulado de cobertura destas prazas.
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante nove meses ao ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/nais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

Quedan expresamente excluídos desta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

**C) Procedemento de adhesión dos concellos**

Ao abeiro do establecido no artigo 7.2 e) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP de Ourense n.º 296, do 28 de decembro de 2009), a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes vía telemática de conformidade co previsto nestas bases.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante Resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática http://benourense.depourense.es/pai/index.php

A comunicación da adhesión asinaraa dixitalmente o alcalde, presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma antes do día 21 de abril de 2015. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa, causando baixa nas previsións. Neste suposto, os remanente de cofinanciamento previsto para cada acción que non fora utilizado, incrementará o importe do cofinanciamento destinado a cada unha das accións obxecto de subvención, distribuíndose o remanente entre as entidades adheridas conforme aos criterios establecidos nas regras de distribución das base II e III respectivamente.

**D) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

**E) Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro**

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

**E.1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello**

Antes do 30 de maio de 2015, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80 % do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local. En data 15 de decembro de 2015 as entidades locais beneficiarias terán que presentar unha certificación de xustificación do Programa subvencionado e os gastos dela derivados da forma que lle indique a Área de Benestar da Deputación.

a) A recepción da certificación equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ao libramento do importe xustificado, que será compensado co libramento anticipado.
b) O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 15 de decembro de 2015 e poderase conceder sempre que se aprecie causa xustificada, como máximo ata o 15 de xaneiro de 2016. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

**E. 2) Xustificación e pagamento final**

As entidades locais deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2015, facendo uso dos formularios normalizados que se deberán obter, cubrir, validar e imprimir dende a plataforma http://benourense.depourense.es. Os formularios conteñen:

- Memoria da execución do proxecto subvencionado.
- Relación de documentos xustificativos dos gastos devindicados. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do/a destinatario/a.
- Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.
- Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2015, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A xustificación deberá realizarse ante a Deputación, como máximo, antes do 15 de decembro de 2015. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable. No caso daquelas entidades que imputen á subvención gastos de seguridade social do persoal contratado para desenvolver o proxecto admitirase ata o día 15 de xaneiro de 2016 a documentación probatoria do aboamento de cotas á Seguridade social.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

**E.3) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

**E.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito ao cobro**

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito ao cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexa inferior ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose co anticipo librado, de ser o caso.

**F) Control financeiro das subvencións**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o

obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2016 e 2017. O control financeiro incluirá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

**G) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas**

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contraditorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, para o que se lles farán chegar as normas de información e publicidade que deberán observar aquelas entidades que se adhiran a este programa. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 10 % da

subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contraditorio con audiencia da entidade interesada.

**II) Bases relativas á Acción 1: puntos de atención á infancia (PAI).**

**II.1 Obxecto**

En virtude desta actuación a Deputación Provincial subvencionará o funcionamento do puntos de atención á infancia (PAI) situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar atención de apoio aos pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

A través deste Programa, a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes aos servizos prestados dentro do PAI/servizos complementarios (alimentación, equipamentos de comedor, etc) e gastos de mantemento do centro.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015 por importe de 140.000 € (cento corenta mil euros).

**II. 2 Contía da subvención**

O importe da subvención relaciónase da forma seguinte:

a) Contía de tramo fixo, equivalente, ao 80% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para poder acceder á subvención que percibirán un tramo económico fixo.

    112.000 € / número de PAIs que cumpren requisitos para subvención = Contía económica por PAI- Tramo fixo.

b) Contía de tramo variable, equivalente ao 20% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de prazas totais, cubertas polo conxunto de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para acceder á subvención, que percibirán a contía económica que resulte de multiplicar o resultado da división anterior polo número concreto de prazas cubertas en cada un dos PAIs, da forma seguinte:

28.000 € (20% de 140.000€) / número total de prazas cubertas polos PAIs = Contía económica por praza.

Contía económica por praza X número de prazas cubertas do PAI = Contía económica total que percibirá cada PAI

**III. Bases relativa á Acción II. Servizos municipais complementarios**

**III. 1 Obxecto**

En virtude desta acción, a Deputación subvencionará os gastos inherentes ao funcionamento daqueles servizos de titularidade municipal que, en xornada diúrna, desenvolven funcións de apoio de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares e complementaria desta para nenos e nenas entre 3 e 12 anos, actuando como soporte e apoio ás familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste Programa, a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes aos servizos prestados dentro do Servizo complementario (alimentación, equipamentos de comedor, etc) e gastos de mantemento do centro, no caso de xestión indirecta do servizo ao importe da factura xerado ao concello pola empresa que desenvolve o servizo.

Para as subvencións concedidas nesta Acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015 por importe de 60.000 € (sesenta mil euros).

**III.2. Contía da subvención**

O importe da subvención por entidade local determinarase pola aplicación da seguinte regra: a contía máxima estimada de subvención establécese por aplicación da ratio por praza ocupada equivalente a un máximo de subvención por praza ocupada de 1.500 €, sempre que este importe non exceda do 100% do custo total da praza ofertada polo servizo complementario.

Este máximo manterase sempre que o número de prazas ocupadas no conxunto dos servizos complementarios que obteñan subvención o permita, en caso contrario dividiranse as prazas ocupadas polo conxunto dos servizos complementarios subvencionados polo importe total previsto para esta subvención.

No caso de que o número de servizos complementarios solicitantes non esgote a contía total de subvención prevista para esta Acción, o seu exceso pasará a incrementar a contía da Acción I e repartirase conforme aos criterios previstos nela.

**IV. Dispoñibilidades orzamentarias**

As subvencións obxecto da presente convocatoria intégranse na liña de acción do Programa Provincial de Asistencia aos Concellos e Mancomunidades para a Xestión de Puntos de Atención á Infancia, contemplada no apartado C.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015, plan de acción V.

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015 por importe de 200.000 € (douscentos mil euros)."

**<u>4º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2014.-</u>**

A Sra. interventora dá conta da resolución da Presidencia de data 2 de marzo de 2015, de liquidación do orzamento de 2014, co seguinte contido:

*"En uso das atribucións conferidas polos artigos 191.3 e 192.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unha vez visto o preceptivo informe de Intervención, e a proposta da Presidencia do Organismo Autónomo, ACORDO:*

*1º.- Aprobar a liquidación do orzamento xeral de 2014 da Excma. Deputación Provincial, cos seguintes resumos e magnitudes principais a fin de exercicio:*

| *a) Entidade local* | |
|---|---|
| ***ORZAMENTO DE GASTOS*** | |
| *Créditos orzamentarios iniciais* | *73.700.000,00 €* |
| *Créditos orzamentarios definitivos* | *93.568.417,21 €* |
| *Obrigas recoñecidas netas* | *68.871.512,58 €* |
| *Obrigas pendentes de pagamento* | *6.913.611,03 €* |
| ***ORZAMENTO DE INGRESOS*** | |
| *Previsións iniciais* | *73.700.000,00 €* |
| *Previsións definitivas* | *93.568.417,21 €* |
| *Dereitos recoñecidos netos* | *78.255.788,29 €* |
| *Dereitos pendentes de cobro* | *4.816.356,18€* |
| ***RESULTADO ORZAMENTARIO*** | |
| *Dereitos recoñecidos netos (+)* | *78.255.788,29 €* |
| *Obrigas recoñecidas netas (-)* | *68.871.512,58 €* |
| ***Resultado orzamentario*** | ***9.384.275,71 €*** |
| *Gastos financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais (+)* | *12.082.814,07 €* |
| *Desviacións de financiamento negativas (+)* | *1.106.808,61 €* |
| *Desviacións de financiamento positivas (-)* | *164.818,27 €* |

| | |
|---|---|
| ***Resultado orzamentario axustado*** | ***22.409.080,12 €*** |
| ***REMANENTE DE TESOURERÍA*** | |
| *Fondos líquidos (+)* | *25.028.229,98 €* |
| *Dereitos pendentes de cobro (+)* | *13.785.720,55 €* |
| *Obrigas pendentes de pagamento (-)* | *9.304.706,70 €* |
| ***Remanente de Tesourería total*** | ***29.509.243,83 €*** |
| *Saldo de dubidoso cobro* | *4.291.789,54 €* |
| *Exceso de financiamento afectado* | *164.818,27 €* |
| ***Remanente de Tesourería para gastos xerais*** | ***25.052.636,02 €*** |
| ***b) INORDE*** | |
| ***ORZAMENTO DE GASTOS*** | |
| *Créditos orzamentarios iniciais* | *1.509.212,88 €* |
| *Créditos orzamentarios definitivos* | *2.136.598,82€* |
| *Obrigas recoñecidas netas* | *1.967.736,13 €* |
| *Obrigas pendentes de pagamento* | *257.812,59 €* |
| ***ORZAMENTO DE INGRESOS*** | |
| *Previsións iniciais* | *1.509.212,88 €* |
| *Previsións definitivas* | *2.136.598,82 €* |
| *Dereitos recoñecidos netos* | *2.104.722,45 €* |
| *Dereitos pendentes de cobro* | *408.118,12 €* |
| ***RESULTADO ORZAMENTARIO*** | |
| *Dereitos recoñecidos netos (+)* | *2.104.722,45 €* |
| *Obrigas recoñecidas netas (-)* | *1967.736,13 €* |
| ***Resultado orzamentario*** | ***136.986,32 €*** |
| *Gastos financiados con remanente de Tesourería (+)* | *0,00 €* |
| *Desviacións de financiamento negativas (+)* | *21.514,90 €* |
| *Desviacións de financiamento positivas(-)* | *22.607,14 €* |
| ***Resultado orzamentario axustado*** | ***135.894,08 €*** |
| ***REMANENTE DE TESOURERÍA*** | |
| *Fondos líquidos (+)* | *499.647,71 €* |
| *Dereitos pendentes de cobro (+)* | *444.639,51 €* |
| *Obrigas pendentes de pagamento (-)* | *875.691,58 €* |
| ***Remanente de Tesourería*** | ***68.595,64 €*** |
| *Saldos de dubidoso cobro* | *57.278,70 €* |
| *Exceso de financiamento afectado* | *11.769,63 €* |
| ***R.T. para gastos xerais*** | ***-452,69*** |
| | |

*2º.- Que se lle dea conta ó Pleno provincial de acordo cos artigos 193.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2002, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990".*

Os membros da Corporación quedan informados.

**5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 2/2015.-**

A señora interventora dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto quinto

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

| **APLICACIÓN** | **EXPRESIÓN** | **IMPORTE €** |
|---|---|---|
| 166.11/627.10 | Proxectos novos FEDER. Planos provinciais | 71.000,00 € |
| 453.11/619.01 | Plan cooperación vías provinciais. Vías provinciais | 2.000.000,00 € |

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS FINANCEIROS**

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 011.11/913.08 | Amortización préstamos Caixanova 2002. Outras entidades financeiras | 55.835,00 € |
| 011.11/913.09 | Amortización préstamos 07/11/2003 Caixa Galicia. Outras entidades financeiras | 331.495,53 € |
| 011.11/913.10 | Amortización préstamos Caixanova 2003. Outras entidades financeiras | 61.103,25 € |
| 011.11/913.13 | Amortización préstamo 2008/BBVA. Outras entidades financeiras | 1.824.685,27 € |
| 011.11/913.15 | Amortización préstamo BBVA 2009. Outras | 777.777,76 € |

| | | |
|---|---|---|
| | entidades financeiras | |
| 011.11/913.16 | Amortización préstamos Caixanova 2009. Outras entidades financeiras | 692.307,68 € |
| 011.11/913.17 | Amortización préstamo Caixa Galicia 2009. Outras entidades financeiras | 749.999,95 € |
| 011.11/913.19 | Amortización Préstamo BBVA nov.2010. Outras entidades financeiras | 628.937,32 € |

## SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 334.20/226.09 | Actividades culturais. Actividades culturais | 145.162,75 € |
| 334.18/226.02 | Información e publicidade. Centro cultural Marcos Valcárcel | 300.000,00 € |
| 420.11/410.00 | A Organismos administrativos. INORDE | 198.000,00 € |

## CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 326.12/212.00 | Edificios e outras construcións. Escola de artes e oficios | 3.000,00 € |
| 326.12/221.00 | Enerxía eléctrica. Escola de artes e oficios | 7.000,00 € |
| 326.12/221.01 | Auga. Escola de artes e oficios | 800,00 € |
| 326.12/226.20 | Utensilios. Escola de artes e oficios | 5.000,00 € |
| 334.12/204.00 | Arrendamentos de material de transporte. Escola de danza | 4.000,00 € |
| 334.12/212.00 | Edificios e outras construcións. Escola de danza | 4.000,00 € |
| 334.13/226.20 | Utensilios. Escola taller de gaitas | 20.000,00 € |
| 334.11/204.00 | Arrendamentos material de transporte. Escola de gaitas | 13.000,00 € |
| 334.11/221.03 | Combustibles e carburantes. Escola de gaitas | 7.000,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| 334.11/226.01 | Atencións protocolarias e representativas. Escola de gaitas | 15.000,00 € |
| 334.11/226.09 | Actividades culturais. Escola de gaitas | 12.000,00 € |
| 334.11/226.20 | Utensilios. Escola de gaitas | 24.000,00 € |
| 334.11/226.99 | Outros gastos diversos. Escola de gaitas | 10.000,00 € |
| 334.14/207.00 | Prestación de servizos. Museo artesán da música | 15.000,00 € |
| 334.14/226.20 | Utensilios. Museo artesán da música | 20.000,00 € |

**RESUMO**

| | |
|---|---|
| Suma suplementos de crédito ……………………….............. | 7.836.304,51 € |
| Suma créditos extraordinarios .................................................. | 159.800,00 € |

**RECURSOS UTILIZADOS**

| | |
|---|---|
| **Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais** | **7.996.104,51 €** |

**2º.-** No expediente de modificación de créditos 1/2015 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Cortegada para obras en balneario. Visto o escrito do Concello de Cortegada de data 5 de marzo de 2015 onde se especifica que tal obra consiste no equipamento do ximnasio do balneario, modifícase a denominación do obxecto da subvención.

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Cortegada | Dotación de equipamento para ximnasio do Balneario | 50.000,00 € |

**3º.-** Modificar o beneficiario da subvención de 10.000 euros prevista na aplicación do orzamento de gastos 48906/33417, para a Fundación Abelardo Gabriel, facéndose constar como beneficiario da subvención á Asociación Cultural da Castaña.

**4º.-** Crear a aplicación orzamentaria 92412/78900, cunha dotación de 100.000 euros, para subvencións de investimentos de asociacións veciñais, suprimíndose a previsión da aplicación 92412/48900, cunha dotación de 100.000 euros para subvencións de gasto corrente de asociacións veciñais.

**5º.-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**6º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REVISIÓN CATASTRAL QUE SE ESTÁ A REALIZAR EN DISTINTOS CONCELLOS DA PROVINCIA**.-

O señor presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, portavoz do BNG, para que defenda o contido da seguinte moción, formulada polo Grupo do BNG:

*A Deputación provincial de Ourense adxudicou con data de 10 de febreiro de 2012 á empresa Servicat SL, o servizo de actualización, conservación e mantemento da información catastral urbana. O contrato asinouse o 12 de novembro de 2012 por unha duración de 2 anos, prorrogabeis por períodos anuais cun máximo de duración de 4 anos.*

*Pasado xa un tempo desde aquela, temos detectado neste proceso abusos e deficiencias por parte da empresa que non son consonte coa legalidade vixente e que entendemos que teñen ocasionado un grave prexuízo para @s veciñ@s de diversos concellos da Provincia.*

*Cómpre lembrar que en xullo de 2013, veciñ@s de distintos concellos son requiridos polo Área Económica do Servizo de Recadación da Deputación para a súa comparecencia e presentación de documentación nas oficinas do seu respectivo consistorio, mediante o envío de requirimentos nos que se fai constar que se remataron os traballos de actualización do catastro de urbana no seu municipio, sinalándose como normativa na que se amparan ditos traballos catastrais o convenio subscrito entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación Provincial do 13 de marzo de 1999 e o artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo. Ademais, infórmase na comunicación que os datos de carácter persoal contidos no documento serán incorporados a un ficheiro automatizado que é propiedade da empresa adxudicataria Servicat.*

*En primeiro lugar, queremos manifestar que a Deputación ampárase en normativas con artigos que xa non están en vigor porque foron derrogados, modificados ou superados por outros novos. Un dos artigos mencionados non están en vigor posto que foi derrogado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o novo artigo 77 redactado baixo o epígrafe Xestión Tributaria do Imposto, establece cales son as competencias dos concellos respecto ao IBI, que se limitan á liquidación e recadación do imposto, sen que se inclúan nas mesmas a realización de traballos ou funcións relacionadas co Catastro Inmobiliario como as que se están efectuando, e as que a propia Deputación denomina actualización catastral.*

*A cláusula terceira do Convenio de 1999, no que tamén se ampara a Deputación, refírese exclusivamente á tramitación dos modelos 902, expedientes catastrais onde o administrado presentou previamente e de forma voluntaria unha declaración catastral, sendo esta a única competencia delegada pola Dirección Xeral do Catastro á Deputación, co cal, os traballos de detección de unidades urbanas e a súa incorporación ao catastro non estarían*

*amparados pola cláusula terceira do Convenio. Sen embargo, o prego de prescricións técnicas e administrativas, que foi obxecto do contrato, describe os traballos de localización e inspección de todas as construcións que non foran declaradas. Do mesmo xeito, non decreto de 23 de outubro de 2014, ademais da tramitación de expedientes presentados polos interesad@s no catastro e na Deputación, recóllense a realización, por parte da empresa SERVICAT, de outros traballos aos que denomina "renovación catastral" , que non estarían amparados pola devandita cláusula do convenio.*

*O cúmulo de irregularidades é enorme: falla de competencia da Deputación; non creación da Comisión de Seguimento do Convenio, tal como constaba no prego, inexistencia nalgúns concellos das pertinentes autorizacións, nin en tempo nin en forma; dobre pagamento para os veciños e veciñas (caso de Xinzo), ao estarse levando a cabo, á vez, o mesmo procedemento por dúas administracións distintas, co conseguinte prexuízo para os veciños e veciñas, xa que por unha parte pagan a taxa e por outra coas cantidades que aboan en concepto de IBI; incumprimento do contrato en canto a que os traballos realizados non se corresponden co obxecto do mesmo, posto que a pesares de que dito convenio se circunscribe unicamente ás unidades urbanas, na práctica estase a realizar, tamén, coas parcelas rústicas.*

*Por todo o exposto SOLICITAMOS*

*1.- Que debido ás numerosas e graves irregularidades detectadas, e aos graves prexuízos que destas se derivan para os veciños e veciñas dos concellos obxecto dos traballos, a deputación provincial creará unha comisión de investigación, aos efectos de clarexar as anomalías postas de manifesto e, en consecuencia, adoitar as medidas que procedan.*

*2.- Esta comisión deberá constituírse, á maior brevidade posible, e deberá ter rematado o seu ditame, antes de que remate o actual mandato, elevando as súas conclusións ao pleno de abril*".

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto sexto

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**7º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE MONTEDERRAMO EN MATERIA DE RECADACIÓN DE GASTOS DERIVADOS DA APLICACIÓN DE MEDIOS DE EXECUCIÓN FORZOSA.-**

O señor secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo

Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Montederramo ten atribuídas en materia de materia de gastos derivados de execucións forzosas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 12 de marzo de 2015. A dita delegación rexerase polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

**8º.- APROBACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO 1 DE MARZO DE 2015.-**

O señor secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación e fai constar que existe un erro de transcrición porque falta a denominación dunha estrada.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto oitavo

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o seguinte catálogo de estradas da Deputación Provincial de Ourense ao 1 de marzo de 2015, segundo a proposta formulada polo Servizo de Vías e Obras do 11 de marzo de 2015:

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0101 | ALLARIZ (N-525) - TABOADELA (OU-320) | 8.490 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0102 | XUNQUEIRA DE AMBÍA (OU-0108) - POLIGONO SAN CIBRAO (OU-0560) | 13.440 | | |

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de marzo de 2015**

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0103 | PADERNE DE ALLARIZ (OU-102) - SANTA CRUZ (OU-0102) | 5.200 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0104 | BAÑOS DE MOLGAS (OU-0108) - SALGUEIROS (OU-0102) | 8.036 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0105 | RIOSECO (OU-101) - O PINTO (OU-536) | 5.950 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0106 | MACEDA (OU-0107) - XUNQUEIRA DE ESPADANEDO (OU-536) | 5.513 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0107 | MACEDA (OU-104) - ALTO DO RODICIO (OU-536) | 8.524 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0108 | ALLARIZ (N-525) - MACEDA (OU-104) | 18.070 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0109 | BAÑOS DE MOLGAS (OU-0108) - ARNUÍDE (OU-1103) | 8.320 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0110 | XUNQUEIRA DE AMBÍA (OU-0111) - CASASOÁ | 5.777 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0111 | XUNQUEIRA DE AMBÍA (0108) - PIÑEIRA (N-525) | 10.063 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0151 | O FOXÓN (OU-320) - N-525 | 1.185 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0152 | ALLARIZ (OU-320) - ALLARIZ (N-525) | 1.100 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0153 | CERAMICAS (OU-0106) - NIÑODAGUIA (OU-536) | 1.604 | | |
| ALLARIZ-MACEDA | OU-0154 | PIÑEIRA (N-525) - COEDO | 824 | | |
| | | **Total Comarca de Allariza-Maceda** | | **102.096** | **15** |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0201 | A MANCHICA (OU-540) - CARTELLE (OU-404) | 14.900 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0202 | A MANCHICA (OU-540) - GUNDIÁS (OU-320) | 9.400 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0203 | AS MARABILLAS (OU-540) - SANTA BAIA (OU-404) | 6.483 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0204 | CELANOVA (OU-540) - A MERCA (OU-0517) | 9.500 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0205 | CORVILLÓN (OU-300) - A CORREDOIRA (OU-0202) | 9.195 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0206 | VEREA (OU-540) - O FURRIOLO (OU-531) | 5.490 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0207 | VEREA (OU-540) - BANGUESES (OU-411) | 12.150 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0208 | CELANOVA (OU-0209) - A ARROTEA (OU-0209) | 8.700 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0209 | CELANOVA (OU-531) - LEIRADO (OU-0210) | 14.300 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0210 | LEIRADO (OU-0209) - PONTEDEVA (OU-0213) | 10.100 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0211 | QUINTELA DE LEIRADO (OU-0210) - A FRIEIRA (OU-411) | 3.934 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0212 | FUSTÁNS (OU-531) - ABELLÁS (OU-0210) | 7.700 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0213 | CRESPOS (OU-414) - PONTE CANTIÑO (OU-193) | 7.400 | | |

# Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de marzo de 2015

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| TERRA DE CELANOVA | OU-0214 | OUTOMURO (OU-404) - VILAVIDAL (OU-531) | 6.201 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0215 | TOÉN (OU-0519) - A ARNOIA (OU-402) | 28.800 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0251 | CELANOVA (OU-540) - VILANOVA (OU-404) | 2.616 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0252 | CASETA DE ANSEMIL (OU-540) - ORILLE (OU-0204) | 4.688 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0253 | VARIANTE DA ACEA (OU-0206) | 404 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0254 | VARIANTE Á CRUZ (OU-0206) | 810 | | |
| TERRA DE CELANOVA | OU-0255 | VARIANTE A VEREA (OU-0206) | 365 | | |
| | | **Total Comarca de Terra de Celanova** | | **163.136** | **20** |
| O RIBEIRO | OU-0301 | SAN CLODIO (OU-211) - CENLLE (OU-0303) | 6.480 | | |
| O RIBEIRO | OU-0302 | ESPOSENDE (OU-211) - CENLLE (OU-0303) | 5.040 | | |
| O RIBEIRO | OU-0303 | VAL DE PEREIRA (OU-211) - MASIDE | 15.480 | | |
| O RIBEIRO | OU-0304 | A ARMADA (OU-404) - ASTARIZ (OU-402) | 10.300 | | |
| O RIBEIRO | OU-0305 | RIBADAVIA - A ARNOIA (OU-402) | 2.570 | | |
| O RIBEIRO | OU-0306 | SAN CRISTOVO (OU-504) - LEIRO (OU-209) | 18.580 | | |
| O RIBEIRO | OU-0307 | LEIRO (OU-504) - CALDELAS (OU-212) | 4.380 | | |
| O RIBEIRO | OU-0308 | O SIFÓN (OU-212) - LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA | 7.970 | | |
| O RIBEIRO | OU-0352 | PONTE SOBRE O RÍO ARNOIA NA ARNOIA | 50 | | |
| O RIBEIRO | OU-0353 | A PONTE ARNOIA (OU-402) - PIÑÓN | 3.698 | | |
| O RIBEIRO | OU-0354 | RAMAL A LAPELA (OU-402) | 1.400 | | |
| O RIBEIRO | OU-0355 | QUINS (N-120) - COVELO | 6.200 | | |
| O RIBEIRO | OU-0356 | ESPIÑEIRO - A HEDREIRA | 6.534 | | |
| O RIBEIRO | OU-0357 | CORCORES-RUBILLÓN | 5.220 | | |
| | | **Total Comarca de O Ribeiro** | | **93.902** | **14** |
| O CARBALLIÑO | OU-0401 | O CARBALLIÑO (OU-0459) - O REINO (OU-154) | 9.910 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0402 | COTELAS (OU-0406) - LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA | 12.690 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0403 | A DEVESA (OU-0402) - A CORNA (N-525) | 5.450 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0404 | PIÑOR (OU-0402) - LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA | 9.490 | | |

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| O CARBALLIÑO | OU-0405 | MASIDE (N-541) - CEA (N-525) | 9.480 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0406 | CEA - POBADURA | 15.820 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0407 | PIELAS (OU-0406) - VALES (OU-0408) | 7.870 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0408 | COVAS (OU-901) - LÍMITE PROVINCIA DE LUGO | 10.850 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0409 | MASIDE (N-541) - GARABÁS (OU-0405) | 3.750 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0410 | SAN AMARO (OU-0303) - BARBANTES (N-541) | 9.860 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0411 | RAZAMONDE (N-120) - SAN CIBRAO DE LAS (OU-0410) | 6.450 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0412 | PORTO DE EGUAS (OU-208) - SAN AMARO (OU-0303) | 2.560 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0413 | O CARBALLIÑO (OU-208) - GOMARIZ | 8.470 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0414 | A ALMUZARA (N-541) - LEIRO (OU-209) | 11.530 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0415 | BRUÉS (N-541) - PORTELA DA CRUZ (PO-235) | 25.572 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0416 | NOGUEIRA (OU-202) - COUSO (OU-164) | 25.960 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0417 | O CARBALLIÑO (N-541) - PARADA DE LAVIOTE (OU-0416) | 14.519 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0451 | RAMAL A ARENTEIRIÑO (OU-0406) | 2.400 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0452 | RAMAL A VILARELLOS (OU-0406) | 2.280 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0453 | RAMAL A BETAR (OU-0406) | 2.780 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0454 | RAMAL A FURCO (OU-0406) | 770 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0455 | RAMAL A VILANFESTA (OU-0407) | 710 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0456 | MANDRÁS - VIDUEDO (N-525) | 2.950 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0457 | AS QUINTAS (OU-0523) - IGREXA DE GARABÁS (OU-0409) | 2.245 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0458 | COSTA DO PORTO (OU-0412) - ANLLO | 1.046 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0459 | RÚA PIÑOR (OU-206) E TRAVESÍA DE ARCOS (OU-0401) | 920 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0460 | TRAVESÍA DO CARBALLIÑO | 598 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0461 | RÚA GALICIA E TRAVESÍA DE MESEGO | 2.114 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0462 | RAMAL A SALÓN (OU-0414) | 900 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0463 | AS LAXAS (OU-0414) - BOBORÁS | 4.251 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0464 | FEÁS (OU-0415) - ALBARELLOS | 4.611 | | |

# Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de marzo de 2015

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| O CARBALLIÑO | OU-0465 | RAMAL A RICOVANCA (OU-235) | 2.190 | | |
| O CARBALLIÑO | OU-0466 | CUSANCA - LÍMITE PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OU-235) | 2.390 | | |
| | | **Total Comarca do Carballiño** | | **223.386** | **33** |
| OURENSE | OU-0501 | TOLDAVIA (N-540) - A PEROXA (OU-0502) | 10.700 | | |
| OURENSE | OU-0502 | GUSTEI (N-525) - OS PEARES (N-120) | 18.315 | | |
| OURENSE | OU-0503 | OS CRUCEIROS (OU-0504) - VILAMARÍN (OU-0527) | 13.817 | | |
| OURENSE | OU-0504 | A CASILLA (OU-0551) - BARRA DE MIÑO (OU-0503) | 7.850 | | |
| OURENSE | OU-0505 | VILARCHAO (OU-0502) - A PEROXA - BARRA DE MIÑO (OU-0504) | 18.275 | | |
| OURENSE | OU-0506 | VELLE (C-546) - SAN MIGUEL DO CAMPO (OU-0508) | 6.959 | | |
| OURENSE | OU-0507 | CASTADÓN (OU-536) - SAN MIGUEL DO CAMPO (OU-0507) | 4.538 | | |
| OURENSE | OU-0508 | PONTE DOS GOZOS (OU-536) - PARADA DE SIL (OU-604) | 34.000 | | |
| OURENSE | OU-0509 | LUÍNTRA (OU-0508) - ESGOS (OU-536) | 13.204 | | |
| OURENSE | OU-0510 | CORTIÑAS (OU-0507) - LOÑA (OU-0509) | 9.380 | | |
| OURENSE | OU-0511 | FARAMONTAOS (OU-0508) - LOÑOÁ (OU-0510) | 3.037 | | |
| OURENSE | OU-0512 | COVAS (OU-0510) - COUTADA (OU-0509) | 3.800 | | |
| OURENSE | OU-0513 | RÚA DE RAIRO - O CUMIAL (OU-105) | 5.151 | | |
| OURENSE | OU-0514 | VÍA PRINCIPAL DO POLÍGONO (OU-105) | 3.940 | | |
| OURENSE | OU-0515 | PEREIRAS (OU-0102) A TABOADELA (OU-320) | 4.435 | | |
| OURENSE | OU-0516 | MESÓN DE CALVOS (OU-320) - CRUZ DE RANTE (OU-0517) | 5.562 | | |
| OURENSE | OU-0517 | OURENSE (N-525) - A MERCA (OU-0204) | 12.600 | | |
| OURENSE | OU-0518 | ESCORREGAS (OU-510) - TOÉN (OU-0519) | 8.100 | | |
| OURENSE | OU-0519 | OURENSE (OU-540) - TOÉN (OU-0216) | 10.200 | | |
| OURENSE | OU-0520 | QUINTELA (N-120) - CASTRO DE BEIRO (OU-0521) | 6.524 | | |
| OURENSE | OU-0521 | CABEANCA (OU-0526) - TRASALBA (OU-0522) | 8.890 | | |
| OURENSE | OU-0522 | SANTA CRUZ (N-120) - PARADA (OU-0524) | 10.030 | | |
| OURENSE | OU-0523 | PARADA (OU-0524) - MASIDE (N-541) | 9.980 | | |
| OURENSE | OU-0524 | TAMALLANCOS (N-525) - O VIÑAO (N-541) | 11.320 | | |

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE | OU-0525 | CAMBEO (N-525) - PONTE DOS FRADES (OU-0522) | 9.398 | | |
| OURENSE | OU-0526 | OURENSE (OU-0551) - AMOEIRO (OU-0524) | 12.486 | | |
| OURENSE | OU-0527 | SOBREIRA (N-525) - SAN MARTIÑO (OU-201) | 7.274 | | |
| OURENSE | OU-0528 | BOUZAS (N-525) - O PILO (N-540) | 4.050 | | |
| OURENSE | OU-0529 | GUSTEI (N-525) - VILARCHAO(OU-0505) | 2.000 | | |
| OURENSE | OU-0530 | RAMAL DE ENLACE OU-150 CON OU-0529 | 560 | | |
| OURENSE | OU-0551 | PONTE NOVA - BELLAO | 2.760 | | |
| OURENSE | OU-0552 | SOBRAL (OU-150) - RIBELA (OU-0504) | 2.900 | | |
| OURENSE | OU-0554 | RAMAL ESTACIÓN BARRA DE MIÑO (OU-0505) | 300 | | |
| OURENSE | OU-0555 | OS PEARES (C-545) - NOGUEIRA | 5.677 | | |
| OURENSE | OU-0556 | ALMORFE (C-546) - NOGUEIRA DE RAMUÍN (OU-0555) | 4.324 | | |
| OURENSE | OU-0557 | PONTE SOBRE O RÍO SIL EN SANTO ESTEVO | 132 | | |
| OURENSE | OU-0558 | RAMAL Ó MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE ROCAS (OU-0509) | 809 | | |
| OURENSE | OU-0559 | ALTO DO CUMIAL (OU-105) - CRUCEIRO (POLÍGONO S.C.) (OU-0514) | 560 | | |
| OURENSE | OU-0560 | VÍA N.º 3 DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO (OU-0514) | 1.000 | | |
| OURENSE | OU-0561 | RAMAL A PARADA DE PIÑOR (OU-0519) | 900 | | |
| OURENSE | OU-0562 | RAMAL A TRELLE (OU-0518) | 3.000 | | |
| OURENSE | OU-0563 | RAMAL A SANATORIO DE TOÉN (OU-0518) | 700 | | |
| OURENSE | OU-0564 | MUGARES (OU-0519) - ALONGOS | 3.500 | | |
| OURENSE | OU-0565 | RAMAL A FECHOS (OU-0522) | 480 | | |
| OURENSE | OU-0566 | RAMAL PAZO DE VILAMARÍN (OU-0527) | 1.435 | | |
| OURENSE | OU-0568 | RÚA QUINTIÁN - ALEJANDRO PEDROSA (OU-0526) | 1.141 | | |
| | | **Total Comarca de Ourense** | | **305.993** | **46** |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0601 | CASTRO CALDELAS (OU-536) - CHANDREXA (OU-0602) | 21.540 | | |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0602 | LEBOREIRO (OU-536) - ENCORO CHANDREXA | 20.756 | | |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0603 | VILARIÑO FRÍO (OU-536) - MONTEDERRAMO (OU-0602) | 10.640 | | |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0604 | VILARIÑO FRÍO (OU-536) - PARADA DE SIL (OU-0508) | 9.920 | | |

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| TERRA DE CALDELAS | OU-0605 | PEDRA DO SOL (OU-0606) - PARADA DE SIL (OU-604) | 16.312 | | |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0606 | VALILONGO (OU-536) - A TEIXEIRA (OU-0607) | 8.400 | | |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0607 | O IVEDO (OU-903) - A TEIXEIRA (OU-0606) | 4.800 | | |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0651 | RAMAL A EMISOR DE TVE EN CABEZA DE MEDA (OU-536) | 6.982 | | |
| TERRA DE CALDELAS | OU-0652 | RAMAL A BOAZO (OU-0606) | 2.246 | | |
| | | **Total Comarca de Terra de Caldelas** | | **101.596** | **9** |
| TERRA DE TRIVES | OU-0701 | CABALAR (OU-636) - VILARIÑO DE CONSO | 30.235 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0702 | TRIVES - ROZAVALES | 6.685 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0703 | TRIVES (OU-536) - CHANDREXA | 9.032 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0704 | RAMAL A CABEZA DE MANZANEDA (OU-0703) | 6.891 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0705 | ALTO DA CERDEIRA (OU-536) - A MOA | 11.870 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0706 | OU-536 - SAN XOÁN DE RÍO (OU-0705) | 4.400 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0751 | SOUTIPEDRE - AS ERMIDAS | 3.927 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0752 | TRIVES - PENA PETADA | 5.510 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0753 | TRIVES (OU-536) - PAREISÁS | 3.987 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0754 | ACCESO A PENA FOLENCHA (OU-536) | 1.663 | | |
| TERRA DE TRIVES | OU-0755 | TRIVES (OU-536) - BARRIO | 2.560 | | |
| | | **Total Comarca de Terra de Trives** | | **86.760** | **11** |
| VALDEORRAS | OU-0801 | O BARCO - SOBRADELO | 6.330 | | |
| VALDEORRAS | OU-0802 | SOBRADELO (OU-122) - CASOIO | 8.480 | | |
| VALDEORRAS | OU-0803 | A VEIGA (OU-0804) - A PONTE | 14.880 | | |
| VALDEORRAS | OU-0804 | ALTO DO COVELO (OU-533) - A VEIGA | 11.520 | | |
| VALDEORRAS | OU-0805 | CAMBELA ( OU-533) - O BOLO | 8.010 | | |
| VALDEORRAS | OU-0806 | LENTELLAIS (OU-533) - O BOLO | 2.590 | | |
| VALDEORRAS | OU-0807 | VILAMARTÍN (N-536) - SAN VICENTE | 8.690 | | |
| VALDEORRAS | OU-0808 | OU-622 - VILA DE CASTRO | 3.238 | | |
| VALDEORRAS | OU-0851 | O BARCO - N-536 | 2.052 | | |

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| VALDEORRAS | OU-0852 | N-536 A MILLAROUSO | 1.191 | | |
| VALDEORRAS | OU-0853 | N-536 - CANDEDA | 9.869 | | |
| VALDEORRAS | OU-0854 | ESPIÑO (OU-0803) - LAMALONGA | 4.562 | | |
| VALDEORRAS | OU-0855 | XARES (OU-0803) - SEOANE | 2.864 | | |
| VALDEORRAS | OU-0856 | A VEIGA (OU-0804) - PRADA | 11.171 | | |
| VALDEORRAS | OU-0857 | VARIANTE DE CASTROMAO (OU-0901) | 762 | | |
| VALDEORRAS | OU-0858 | VARIANTE DE PRADOLONGO (OU-0901) | 335 | | |
| VALDEORRAS | OU-0859 | RAMAL CHAO DAS DONAS (OU-0811) - VALDANTA | 2.085 | | |
| VALDEORRAS | OU-0860 | RAMAL VALBUXÁN (OU-0811) - VILASECO | 1.633 | | |
| VALDEORRAS | OU-0861 | OU-533 - CHANDOIRO | 2.875 | | |
| VALDEORRAS | OU-0862 | OU-636 - SEADUR | 2.527 | | |
| VALDEORRAS | OU-0863 | PETIN (OU-636) - CARBALLAL | 2.935 | | |
| VALDEORRAS | OU-0864 | A RÚA-VILELA | 1.010 | | |
| | | **Total Comarca de Valdeorras** | | **109.609** | **22** |
| VIANA | OU-0901 | VIANA - RAMILO | 12.730 | | |
| VIANA | OU-0902 | SANTO AGOSTIÑO - SEVER | 12.900 | | |
| VIANA | OU-0903 | VIANA (OU-533) - LÍMITE PROVINCIA DE ZAMORA | 16.740 | | |
| VIANA | OU-0904 | SEOANE (OU-0903) - BOUZA | 8.470 | | |
| VIANA | OU-0905 | CÁDAVOS (OU-311) - CASTROMIL | 4.250 | | |
| VIANA | OU-0906 | A MEZQUITA (OU-311) - A ESCULQUEIRA | 5.020 | | |
| VIANA | OU-0907 | SAN LOURENZO (N-525) - PARADA DA SERRA | 6.640 | | |
| VIANA | OU-0908 | VIANA (OU-533) - VILARIÑO DE CONSO | 8.290 | | |
| VIANA | OU-0951 | MOURISCA (OU-533) - A GONZA | 5.370 | | |
| VIANA | OU-0952 | ACCESO A CANDA (N-525) | 1.378 | | |
| VIANA | OU-0953 | ACCESO A TAMEIRÓN (N-525) | 5.839 | | |
| | | **Total Comarca de Viana** | | **87.627** | **11** |
| VERÍN | OU-1001 | CASTRELO DO VAL (OU-113) - GONDULFES (OU-114) | 2.590 | | |

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de marzo de 2015**

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| VERÍN | OU-1002 | CAMPOBECERROS (OU-114) - VEIGA DE NOSTRE | 7.480 | | |
| VERÍN | OU-1003 | SAN CRISTOVO (N-525) - MIRÓS | 4.470 | | |
| VERÍN | OU-1004 | AS VENDAS DA BARREIRA (N-525) - CASTRELO DE ABAIXO | 10.290 | | |
| VERÍN | OU-1005 | VILARDEVÓS (OU-310) - AS VENDAS DA BARREIRA (N-525) | 13.520 | | |
| VERÍN | OU-1006 | VILARDEVÓS (OU-310) - VILARELLO DA COTA | 9.370 | | |
| VERÍN | OU-1007 | MANDÍN - FECES DE CIMA | 4.440 | | |
| VERÍN | OU-1008 | SAN ROQUE (OU-310) - VILAR DE CERVOS | 6.750 | | |
| VERÍN | OU-1009 | CABREIROÁ - VILAR DE CERVOS (OU-1011) | 7.320 | | |
| VERÍN | OU-1010 | OÍMBRA - RABAL (N-532) | 6.450 | | |
| VERÍN | OU-1011 | VERÍN (N-532) - OÍMBRA | 3.190 | | |
| VERÍN | OU-1012 | ALBARELLOS (OU-143) - OÍMBRA | 8.940 | | |
| VERÍN | OU-1013 | OÍMBRA (OU-1011) - VIDEFERRE | 13.660 | | |
| VERÍN | OU-1014 | VERÍN (N-525) - BALNEARIO DE REQUEIXO | 5.780 | | |
| VERÍN | OU-1015 | ALBARELLOS (OU-1012) - MEDEIROS (OU-1016) | 7.720 | | |
| VERÍN | OU-1016 | SAN MARTIÑO (OU-1017) - MEDEIROS | 5.730 | | |
| VERÍN | OU-1017 | REBORDONDO (A-52) - CARZOÁ (OU-1020) | 8.880 | | |
| VERÍN | OU-1018 | REBORDONDO (A-52) - CUALEDRO | 6.360 | | |
| VERÍN | OU-1019 | PENAVERDE (OU-1018) - AS ESTIBADAS (N-525) | 2.240 | | |
| VERÍN | OU-1020 | CUALEDRO (OU-1107) - FRONTEIRA PORTUGUESA | 14.120 | | |
| VERÍN | OU-1021 | VERÍN (N-525) - ARCUCELOS (OU-113) | 8.425 | | |
| VERÍN | OU-1051 | TREZ (OU-112) - TORO | 5.312 | | |
| VERÍN | OU-1052 | CERDEDELO (OU-112) - ESTACIÓN FFCC DE PRADO (OU-114) | 22.194 | | |
| VERÍN | OU-1053 | CERDEDELO (OU-112) - CAMBA | 4.995 | | |
| VERÍN | OU-1054 | RAMAL A SANGUÑEDO (OU-1002) | 2.723 | | |
| VERÍN | OU-1055 | ACCESO A QUEIRUGÁS (N-525) | 2.161 | | |
| VERÍN | OU-1056 | RAMAL A FLORDERREI (OU-1004) | 679 | | |
| VERÍN | OU-1057 | RAMAL A CASTRELO DE CIMA (OU-1004) | 1.379 | | |

# Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de marzo de 2015

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| VERÍN | OU-1058 | RAMAL A PROGO (OU-1005) | 475 | | |
| VERÍN | OU-1059 | SANTA COMBA - ARZOÁ | 3.436 | | |
| VERÍN | OU-1060 | FLARIZ (OU-1016) - A MADANELA | 2.888 | | |
| VERÍN | OU-1061 | LUCENZA (OU-1020) - A XIRONDA | 4.618 | | |
| | | **Total Comarca de Verín** | | **208.585** | **32** |
| A LIMIA | OU-1101 | XINZO - ACCESO AUTOVÍA (A-52) | 1.150 | | |
| A LIMIA | OU-1102 | XINZO (N-525) - VILAR DE BARRIO (Cesión tramo urbano p.q 0+00 a 0+180) | 15.360 | | |
| A LIMIA | OU-1103 | VILAR DE BARRIO - OS MILAGRES (OU-103) | 10.670 | | |
| A LIMIA | OU-1104 | VILA DE REI (N-525) - VILAR DE BARRIO | 18.300 | | |
| A LIMIA | OU-1105 | PORTO ALTO (N-525) - SARREAUS | 8.530 | | |
| A LIMIA | OU-1106 | TRASMIRAS (N-525) - FARAMONTAOS | 4.600 | | |
| A LIMIA | OU-1107 | XINZO (OU-302) - CUALEDRO | 12.990 | | |
| A LIMIA | OU-1108 | BALTAR (OU-304) - CUALEDRO (OU-1020) | 11.130 | | |
| A LIMIA | OU-1109 | BALTAR (OU-1110) - FRONTEIRA PORTUGUESA | 6.690 | | |
| A LIMIA | OU-1110 | BALTAR (OU-304) - RANDÍN (OU-303) | 14.760 | | |
| A LIMIA | OU-1111 | OS BLANCOS (OU-1112) - SANTIAGO DE RUBIÁS (OU-1110) | 14.790 | | |
| A LIMIA | OU-1112 | XINZO (OU-301) - CALVOS DE RANDÍN (OU-302) | 24.210 | | |
| A LIMIA | OU-1113 | GANADE (OU-301) - LOBÁS (OU-1112) | 9.830 | | |
| A LIMIA | OU-1114 | VILAR DE SANTOS (OU-321) - PONTE LIÑARES (OU-301) | 12.180 | | |
| A LIMIA | OU-1115 | SANTA BAIA (OU-1114) - BARRACEL | 10.600 | | |
| A LIMIA | OU-1116 | SANDIÁS (N-525) - VILARIÑO DAS POLDRAS (OU-321) | 3.151 | | |
| A LIMIA | OU-1151 | ACCESO AUTOVÍA (A-52) - ANTELA | 2.527 | | |
| A LIMIA | OU-1152 | TRAVESÍA DE REBORDECHÁ (OU-1107) | 1.591 | | |
| A LIMIA | OU-1153 | TRAVESÍA DE MOREIRAS (OU-1107) | 1.348 | | |
| A LIMIA | OU-1154 | OU-1111 - LOURESES (OU-1112) | 423 | | |
| A LIMIA | OU-1155 | PARADA DE RIBEIRA (OU-1112)- OS BLANCOS (OU-1112) | 4.468 | | |
| | | **Total Comarca da Limia** | | **189.298** | **21** |

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| BAIXA LIMIA | OU-1201 | BANDE (OU-540) - BARXÉS (OU-1202) | 6.652 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1202 | FARNADEIROS (OU-302) - LOBIOS | 21.003 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1203 | NOGUEIROÁ (OU-1201) - SAN FIZ | 2.972 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1204 | BARXÉS (OU-1202) - COUSO | 4.629 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1205 | MUGUEIMES (OU-1202) - CALVOS DE RANDÍN (OU-302) | 10.002 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1206 | LOBIOS - VEREDO (OU-1255) | 14.530 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1207 | OU-540 - A ILLA (OU-1209) | 3.677 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1208 | OU-1209 - LANTEMIL (O FOLÓN) | 3.337 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1209 | A TERRACHÁ (OU-1212) - OLELAS (POLA ILLA) | 14.125 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1210 | A TERRACHÁ (OU-1212) - QUEGUAS | 7.671 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1211 | MALLETA (OU-540) - A FEIRA VELLA (OU-1212) | 1.882 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1212 | BANDE (OU-540) - PORTUGAL | 33.386 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1213 | FACÓS (OU-1212) - PONTE PEDRIÑA (OU-540) | 5.286 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1214 | ALTO DAS MOTAS (OU-1215) - LOBEIRA (OU-1212) | 8.161 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1215 | PONTE CADÓS (OU-1212) - ALTO DAS MOTAS (OU-1212) | 2.500 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1216 | LOBEIRA (OU-1212) - GROU (OU-1212) | 13.007 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1251 | NOGUEIROÁ (OU-1201) - ENCORO | 210 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1252 | RAMAL ÁS MAUS DE SALAS (OU-1205) | 332 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1253 | RAMAL PONTE DE NOGUEIROÁ (OU-1201) | 713 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1254 | MUGUEIMES (OU-1202) - ENCORO | 1.085 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1255 | REPARADE - ALBITE | 4.343 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1256 | RAMAL Á PORTAXE (OU-1202) | 1.176 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1257 | ACCESO Á HERDADIÑA (OU-504) | 746 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1261 | OU-1212 - A PEREIRA | 3.320 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1262 | RAMAL A BOUZADRAGO (OU-1261) | 1.048 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1263 | PARADA DO MONTE (OU-1216) - A FRAGA | 3.921 | | |
| BAIXA LIMIA | OU-1265 | ACCESO A SANTA COMBA (OU-540) | 498 | | |

| COMARCA | NÚMERO | DENOMINACIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS NO ANO 2015 | LONX.(M) | LONXITUDE DAS ESPTRADAS DA COMARCA (m) | Nº TOTAL DE ESTRADAS DA COMARCA |
|---|---|---|---|---|---|
| BAIXA LIMIA | OU-1266 | RAMAL Á GRANXA (OU-1215) | 431 | | |
| | | Total Comarca da Baixa Limia | | 170.643 | 28 |
| N.º de estradas... | 262 | Lonxitude total das estradas provinciais......................................... | 1.842.631 | 1.842.631 | 262 |

2º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

**9º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA XESTIÓN RECADATORIA DAS MULTAS COERCITIVAS DERIVADAS DE ACORDOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CASTRO CALDELAS.**

Trala ratificación da inclusión da orde do día do asunto, adoptada por unanimidade, o señor secretario dá lectura á proposición da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Castro Caldelas ten atribuídas en materia de xestión recadatoria das multas coercitivas derivadas de acordos municipais, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 14 de marzo de 2015. A dita delegación rexerase polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

**10º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015.-**

Trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día, adoptada por unanimidade, o señor secretario dá lectura á proposta da Presidencia, así como a unha emenda de adición.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto décimo

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015 segundo o documento inicialmente aprobado na sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2015, publicado no BOP n.º 53, do 6 de marzo de 2015, coas seguintes modificacións:

1.- Incorporase ao plan polo Concello de Amoeiro a obra "Mellora de firme en Abruciños, Arruxo, Poboanza, Outeiro, Vilaboa, A Torre, Casares, Garabatos, Bergueira e Albeiros", cun orzamento de 53.000,00 €, en substitución das obras n.º 2/POS/2015 "Mellora de firme en Abruciños, Arruxo, Poboanza, Outeiro, Vilaboa, A Torre e Casares", cun orzamento de 42.400,00 € e n.º 4/POS/2015 "Colocación de valado no parque infantil de Amoeiro", cun orzamento de 10.600,00 €.

2.- Modifícase a obra n.º 224/POS/2015 quedando fixada a súa denominación como "Ensanche na OU-0102 Xunqueira-Polígono" en lugar da denominación "Regularización na OU-0102 Xunqueira-Polígono", mantendo o investimento aprobado polo importe de 192.000,00 €.

**3-** Fíxase o orzamento da actuación incluída no plan principal polo Concello dos Blancos coa denominación "Mellora camiños Fonte Arcada, Nocedo, Loureses, Pexeiroos, Blancos e Mosteiro" na cantidade de 50.000,00 €.

## 11º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2015 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE DECEMBRO DE 2014 E 1º DE XANEIRO DE 2015.-

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de

decretos asinados pola Presidencia no mes de febreiro de 2015, e dos seguintes adicionais: 2º de decembro de 2014 e 1º de xaneiro de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2015 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE DECEMBRO DE 2014 E 1º DE XANEIRO DE 2015**.-

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de febreiro de 2015 e dos seguintes adicionais: 2º de decembro de 2014 e 1º de xaneiro de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

**13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA**.- A Presidencia anuncia que hai presentadas tres mocións.

**13ºA.- MOCIÓN SOBRE A NEFASTA XESTIÓN DA POLÍTICA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, para que defenda o contido da seguinte moción:

"*José Manuel Baltar, noutra xogada máis da súa política de fogos de artificio e bombo e platillo, saiu nos medios de comunicación, hai meses, como xa nos ten acostumados, con grandes titulares e fotos onde se lle poda ver, anunciando o cambio de rumbo nesta Deputación á hora de conceder subvencións ós concellos.*

*Hasta o de agora a política do PP na Deputación era o de subvencións a dedo, coa chegada á presidencia de José Manuel Baltar intentouse disfrazar este tipo de política, e aínda que se seguen a dar cantidades inxentes de subvencións a dedo, creáronse unhas bases practicamente incumplibles para a maior parte das corporacións locais. Deste xeito saen subvencións a concurso, dánselle a algúns concellos, e os cartos que sobran dos concellos que non as poden relaizar volve para o saco das subvencións a dedo.*

*Este método demostra que ou ben o actual Presidente intentou enganar a todo o mundo, empregando as artimañas de seu pai, ou que é un perfecto descoñecedor da política municipal.*

*Nós cremos que o método empregado é unha combinación destas dúas variables.*

*É notorio que José Manuel Baltar é un perfecto descoñecedor da política municipal, posto que é concelleiro-floreiro no Concello de Esgos e que chegou hasta a presidencia da Deputación nun proceso dinástico-sucesorio para que a súa saga continúe controlando o poder no PP provincial.*

*Por elo, e porque é un clamor entre os alcaldes e os concellos da provincia, incluídos moitos do PP que se teñen posto en contacto con nós, deben de establecerse unhas bases creadas por coñecedores da política municipal, de xeito que a concesión de subvencións non sexa unha tutelaxe férrea da institución provincial e onde un concello (como hai dúcias de casos), reciba unha pequena cantidade de cuartos para realizar unha actividade e o concello se vexa obrigado a poñer do seu peto máis do noventa por cento da inversión.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:*

*Crear unha comisión plural con representación de todos os Grupos políticos da Deputación Provincial de Ourense co fin de fixar uns criterios reais e posibles de cumplir para repartir entre os Concellos de xeito plural e obxectivo os remanentes das subvencións para entidades locais"***.**

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo terceiro A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto décimo terceiro A

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**13ºB.- MOCIÓN CONTRA A PRIVATIZACIÓN DOS REXISTROS CIVÍS.-**

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, para que defenda o contido da seguinte moción:

*O Rexistro Civil foi creado por lei o 17 de xuño de 1870 como consecuencia da necesidade de dotarse dun rexistro no que anotar todos os datos dos españois, fosen ou non*

*católicos, xa que ata entón era só a Igrexa a que inscribía os nacementos. Esta necesidade ten a súa orixe na aprobación pola I República da liberdade de culto na Constitución de 1869.*

*O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto dende a súa creación, obtendo unha valoración moi positiva, en comparación con outros servizos públicos administrativos, no informe titulado "La importancia de los Servicios Públicos en el no Bienestar de los Ciudadanos" elaborado en Maio de 2013 polo Observatorio de Calidade dos Servizos Públicos, pertencente ao Ministerio de Economía e Facenda e Administracións Públicas.*

*O Goberno de España pretende, co Proxecto de Lei de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil, privatizar o Rexistro Civil e entregarllo aos Rexistradores Mercantís e da Propiedade, e iso supoñerá que a cidadanía terá que pagar un arancel ao Rexistrador ou Notario por todo tipo de actos que actualmente son gratuítos e que afectan á esfera máis íntima de dereitos e vontades das persoas, é dicir, o que ata agora foi un servizo público vai acabar sendo un negocio para uns poucos.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*1.- Rexeitar a asignación dos Rexistros Civís aos Rexistradores da Propiedade e Mercantís, por ser unha privatización encuberta dun servizo público esencial como é o Rexistro Civil.*

*2.- Rexeitar a posible mercantilización dos datos persoais das cidadás e cidadáns da nosa provincia*".

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo terceiro B da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto décimo terceiro B

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción e por unanimidade dos vinte e catro (24) deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Rexeitar a asignación dos Rexistros Civís aos Rexistradores da Propiedade e Mercantís, por ser unha privatización encuberta dun servizo público esencial como é o Rexistro Civil.

2.- Rexeitar a posible mercantilización dos datos persoais das cidadás e cidadáns da nosa provincia.

3.- Esixir que calquera reforma do Rexistro Civil manteña a gratuidade de todos os trámites e certificacións, tal e como acontece na actualidade.

4.- Dirixir o presente acordo ao Sr. Ministro de Xustiza, instándolle a que dea marcha atrás nas súas pretensións de privatizar os Rexistros Civís e que continúen sendo un Servizo Público e de calidade, como ata agora.

Tal e como se reflicte na vídeo acta da sesión, durante o debate deste punto o deputado provincial do BNG, **don Xaime Óscar Iglesias Pérez,** formulou unha cuestión de orde, solicitando que se chamase á orde ao deputado do Grupo Popular don Antonio Pérez Rodríguez, afirmando que durante a súa intervención realizara comentarios ofensivos para a súa persoa.

Por parte da **Presidencia** rexeitouse a posibilidade de chamar á orde ao referido deputado do Grupo Popular, advertindo o Sr. Iglesias Pérez que abandonaría a sesión se non se chamaba á orde ao dito deputado.

Tras a votación do asunto, os dous deputados do Grupo do BNG, ante a negativa do presidente de chamar á orde a don Antonio Pérez Rodríguez, abandonan o salón de sesións.

O **Sr. presidente** anuncia que, como os deputados do Grupo do BNG abandonaron o salón de sesións, e foron eles os que presentaron a moción que se ía tratar a continuación, o asunto queda sobre a mesa, polo que non procede votar xa a urxencia no seu tratamento.

**14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, roga que estas sesións non se convertan en algo semellante noutras casas, que a el lle producen vergonza allea. Di que o señor presidente é o encargado de poñer orde e debería chamarlle a atención a quen o merece, porque el mesmo xa deixou por imposible ao señor alcalde de Xinzo.

A continuación, o **Sr. Gómez Pérez** pregúntalle ao señor presidente se nesta casa se encargaron enquisas a algún medio ou empresa de comunicación con respecto á próxima campaña electoral e se iso é así, pide que se lles fagan chegar o importe e as conclusións.

Con respecto ás últimas utilizacións de herbicidas, o **Sr. Gómez Pérez** formula un rogo no que pide que se deixen de utilizar, debido ás últimas informacións que teñen.

O **Sr. Gómez Pérez** pregunta se o señor presidente ten coñecemento de que un deputado, don Luciano Rivero Cuquejo, que ten participación social nunha estación de servizo, Abrea Cuquejo SL, lle subministrou a esta Deputación entre os anos 2010 e 2013 a cantidade de 151.485,67 euros, e se é consciente o señor presidente de que podería estar incorrendo nun acto de irresponsabilidade ante unha posible incompatibilidade e polo tanto un feito delituoso. Di que xa fixeron un rogo para que se elaborase un informe, antes deste Pleno, sobre as incompatiblidades que se poderían producir neste campo por parte dos deputados, algo que non se fixo.

O **Sr. presidente** contesta, en canto á orde da Corporación, que evidentemente lle corresponde ao presidente, e que durante esta sesión e co micrófono aberto alguén fixo unha acusación xenérica dicindo que o grupo de goberno viña aquí cobrar e calar, algo que afecta á dignidade de calquera dos que están aquí. Tamén o Sr. Gómez Pérez acaba de dicir que xa deixou por imposible a un deputado e este podería verse afectado tamén por esa cuestión.

En relación coa primeira pregunta manifesta que non hai encargada ningún tipo de enquisa electoral. Hai unha serie de enquisas en relación co funcionamento dos servizos públicos que presta esta Deputación e de asuntos que afectan só á Corporación Provincial.

En canto aos herbicidas di que toma nota do rogo do Sr. Gómez Pérez.

Con respecto á derradeira pregunta, manifesta que é consciente de que na comisión o Grupo Socialista solicitou ese informe sobre participación en sociedades dun deputado (sen poñer nomes) e que o dito informe se está elaborando polos servizos xurídicos. Imaxina que na próxima semana estará elaborado de forma xenérica.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o Sr. presidente non lle está contestando á pregunta sobre se era coñecedor de que o deputado D. Luciano Rivero Cuqueno lle facturase á Deputación a través da empresa Abrea Cuquejo SL, a cantidade de 151.485,67 € e que se era consciente de que podería estar incorrendo en irresponsabilidade pola incompatibilidade e de que podería ser un feito delituoso.

O **Sr. presidente** di que en ningún caso é consciente desa cuestión, e en relación coa petición de informe que formulou pódese ampliar para ir ao caso concreto do deputado

provincial do que se fala e poder comprobar se existe algún tipo de cuestión que teña máis relevancia que a política.

**D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular**, intervén para pedir perdón se alguén se sentiu ofendido e manifesta que no debate da moción que presentou a Sra. Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, se dixo que os deputados do Grupo Popular votaban por intereses partidistas e non en beneficio dos veciños e que veñen cobrar e calar (a xa manifestada noutras ocasións procesión de caladiños), algo que tampouco teñen por qué soportar.

As intervencións íntegras que se recollen no punto décimo cuarto da vídeo acta da sesión, están dispoñibles no seguinte enlace: ver punto décimo cuarto

E, ás 13.45 horas do citado día vinte e sete de marzo de dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,** **O SECRETARIO,**